

Resolución do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para a provisión dunha praza do corpo auxiliar reservada para ser cuberta por unha persoa que acredite discapacidade intelectual, pola cal se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio.

O Tribunal nomeado pola Resolución da Presidencia, do 12 de febreiro de 2025 (*BOPG* núm. 157, do 13 de febreiro de 2025), para cualificar o proceso selectivo para a provisión dunha praza do corpo auxiliar reservada para ser cuberta por unha persoa que acredite discapacidade intelectual, convocado polo Acordo da Mesa do Parlamento do 24 de xullo de 2024, (*BOPG* núm. 80 do 10 de setembro de 2024, e no *DOG* núm. 174 do 10 de setembro de 2024), acordou que, de conformidade co disposto na base 6.2, **o primeiro exercicio terá lugar o día 13 de outubro do ano 2025, no Salón dos Reis do Parlamento de Galicia**, en chamamento único que se iniciará ás **10.00 horas**.

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do Tribunal, e de bolígrafo negro ou azul.

Na sala onde se desenvolverá o exercicio non estará permitido usar ningún tipo de reloxo, de dispositivo que emita ou reciba radiofrecuencias, de teléfono móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico, agás os explicitamente aprobados polo tribunal por razóns médicas acreditadas de maneira individual. Este tipo de dispositivos deberán permanecer desactivados e gardados ou depositados no chan durante todo o desenvolvemento das probas.

Antes da data de realización do primeiro exercicio, o Tribunal publicará na web do Parlamento (<https://www.parlamentodegalicia.es/Institucion/ProcedementosSelectivos>) unha nota coas instrucións relativas á realización deste primeiro exercicio e as especificacións necesarias para o seu desenvolvemento

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica.

O presidente do Tribunal,

JOSÉ ANTONIO
SARMIENTO
MÉNDEZ -

Firmado digitalmente por JOSÉ ANTONIO SARMIENTO MÉNDEZ - [REDACTED]
Nombre de reconocimiento (DN): cn=JOSÉ ANTONIO SARMIENTO MÉNDEZ, [REDACTED]
givenName=JOSÉ ANTONIO, sn=SARMIENTO MÉNDEZ - [REDACTED]
serialNumber=IDCES-[REDACTED], title=LETRADO OFICIAL MAYOR, 2.5.4.97=VATES-S1533001B, ou=CERTIFICADO ELECTRONICO DE EMPLEADO PUBLICO, ou=OFICIALIA MAYOR, ou=AP1, o=PARLAMENTO DE GALICIA, c=ES
Fecha: 2025.09.24 14:06:31 +02'00'